

# Entre espellos e fiestras

**A nación galega existe. Conversas con Francisco Rodríguez** · Xosé Mexuto · A Nosa Terra, 2006 · 464 páx. · 22 euros

**N**a publicidade dun sonado güisquí, Kevin Spacey, o actor que prestou o seu magoado corpo a Verbal Kint en *Sospetitos habituais*, explícase: «Prefiro ter fiestras a ter espellos». Soberbia frase que é unha excelente guía para a lectura de obras memorialísticas e autobiográficas como *A nación galega existe. Conversas con Francisco Rodríguez*, de Xosé Mexuto.

Se alguén procura no conversatorio fiestras, e máis aínda ventás abertas á autocrítica, extraviarase na súa busca, atopará, sen esforzo, abondosos espellos nos que se reflite Paco Rodríguez, secretario xeral da UPG e un dos homes fortes do BNG.

*A nación galega existe* ofrécese como dous libros de diálogos que, en realidade, compoñen un único e monocromo monólogo. Un primeiro de fasquía autobiográfica que reconstrúe a vida de Rodríguez entre 1945 e 2005. Un segundo entregado ás súas ideas e acción política que valen para reparar sobre o papel de Galiza no mundo globalizado, o concepto de nación ou as relacións entre cidadanía e pobo, pero que serven tamén para facer unha lectura da conxuntura política desde a presenza do nacionalismo no goberno galego ao Novo Estatuto. Nas súas páxinas hai máis: matínase na procura doutro estatus para a lingua galega e, en clave de reinterpretación cultural, reivíndicase a figura de Rosalía de Castro como símbolo de liberación do país.


Este pode resultar un libro incómodo para quen non compartira a veciñanza ideolóxica co seu protagonista indiscutíbel, mais é unha obra de lectura recomendábel para comprender o nacionalismo actual. Chamar a atención sobre as súas pexas non lle ha quitar valor.

A afinidade doutrinaria de entrevistador e entrevistado eiva calquera tentación autocrítica e canga as súas páxinas con recoñecementos apoloxéticos e haxiográficos. O seu limiar é unha sincera confesión de admiración e devoción política que sinala tamén o liliputiense teito crítico da obra.

As súas páxinas compoñen un discurso ideolóxico desnobrado como un fío sen rupturas. O corpo esencial das ideas de Rodríguez, ou da UPG como o seu soporte político organizado, achéganse cunha linealidade absoluta. A autocrítica desactívase como consecuencia de circunstancias adversas que sempre nos xustifican. Resúmese nunha frase: «Non era fácil nesta atmosfera manter actitudes ponderadas, cando se estaba a ser acosado desde todos os frentes».

Todo se acomoda mansamente a un discurso histórico escrito por unha forza teleolóxica indiscutíbel. Continuidade inapelábel que contrasta coa historia do nacionalismo, sobradamente callada de crebas, cismáticos desencontros persoais e acedas contradicións entre os seus relatorios políticos e a súa praxe verificábel. A política do presente proxéctase cara ao pasado para replicarse sen contradición ningunha.

As obras autobiográficas, fóra de contadas pezas escritas cunha sinceridade crúa e desmitificada, adoitan sufrir destes comúns males, mais teñen a virtude de ofrecerem a ilusión de como queren ser lembrados os seus protagonistas. Mexuto permítelle a Francisco Rodríguez: poder mostrarse sen mediacións alleas ou alleadas. El vese así: «Teño a sensación de que só son exclusivamente dono dos meus actos e que non pertenzo nin influo en estruturas de poder propiamente dito. Levo servindo moitos anos, con voluntarismo e esforzo, a un proxecto político. Non a un poder político.»



**É unha obra de lectura recomendábel para comprender o nacionalismo actual. Chamar a atención sobre as súas pexas non lle ha quitar valor.**